



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2023/24 |
| Asignatura (*) | Estadías Clínicas III | Código | 750G01027 | |
| Titulación | Grao en Enfermaría | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | Anual | Terceiro | Obrigatoria | 18 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | para poder cursar esta materia es necesario tener aprobadas todas las estancias clínicas previas (I y II) | | | |
| Departamento | Ciencias da Saúde | | | |
| Coordinación | Varela Feal, Nuria Esther | Correo electrónico | nuria.varela.feal@udc.es | |
| Profesorado | Arantón Areosa, Luis Fernando del Moral Silva, Rita Pesado Cartelle, Jose Angel Varela Feal, Nuria Esther | Correo electrónico | luis.aranton@udc.es r.delmoral.silva@udc.es j.pesado@udc.es nuria.varela.feal@udc.es | |
| Web | campusvirtual.udc.gal/ | | | |
| Descrición xeral | Son estadías clínicas, correspondentes ao nivel intermedio da aprendizaxe práctica, nas que se lle esixe ao estudante un maior grao de profundización e integración dos coñecementos adquiridos, dirixidas á incorporación dos estudantes en institucións de ámbito hospitalario, de saúde mental e sociosanitarios. Pretende a integración de coñecementos teóricos, habilidades e actitudes nunha situación de coidado real. | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Código | Competencias do título |
| A62 | Integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da enfermaría para dar a atención ás persoas nas diferentes situacións de saúde, baseados nos principios e valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razoamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico asociados ás competencias descritas nos obxectivos xerais e as materias que conforman o título, en forma de rotatorio clínico independente e con avaliación final de competencias; nos Centros de Saúde, Hospitais e outros centros asistenciais. |
| B1 | Aprender a aprender. |
| B3 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo. |
| B5 | Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar. |
| B6 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. |
| B7 | Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo. |
| B8 | Capacidade de análise e sínteses. |
| B9 | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica. |
| B10 | Capacidade para adaptarse ás situacións novas. |
| B11 | Capacidade e habilidade de xestión da información. |
| B12 | Capacidade para organizar e planificar. |
| B13 | Toma de decisións. |
| B14 | Habilidades interpersonais. |
| B15 | Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia. |
| B16 | Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade. |
| B19 | Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudio. |
| B20 | Sensibilidade cara a temas medioambientais. |
| B22 | Capacidade para motivarse e motivar a outros. |
| B24 | Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |



| | |
|-----|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C10 | CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| C11 | CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| C12 | CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------|-----------------------------------------------------------------------|------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | | |
| Cooperar co equipo asistencial sanitario e/ou socio-sanitario | A62 | B1 B3 B5 B7 B10 B11 B12 B13 B14 B22 B24 | C1 C3 |
| Desenvolver estratexias de comunicación efectiva coas persoas atendidas, as suas familias e grupos | A62 | B1 B3 B6 B7 B9 B11 B12 B14 B15 B16 | C1 C7 C12 |
| Aplicar o proceso de atención de enfermaría integrando os coñecementos dos problemas de saúde das persoas nas diferentes etapas do ciclo vital. | A62 | B1 B3 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B19 | C3 C4 C10 C11 |



| | | | |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|--------------------------------------------------|-----------|
| Executar con habilidade as intervencións de enfermaría garantindo a seguridade. | A62 | B1 B3 B5 B9 B10 B12 B13 B20 | C7 |
| Actuar segundo os principios éticos e legais que guían a profesión. Cumplir as normas de funcionamento das institucións sanitarias. | A62 | B1 B3 B6 B13 B16 B24 | C4 C11 |

| Contidos | |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Temas | Subtemas |
| Prácticas clínicas tuteladas, realizadas en institucións de ámbito hospitalario, de saúde mental e sociosanitarios, que permiten ao alumnado a integración nas diferentes contornas clínicas, así como comprender e implementar as funcións das/os enfermeiras/os, integrando e desenvolvendo os coñecementos teóricos, as actitudes e as habilidades. | Prácticas Clínicas ámbito hospitalario. Prácticas Clínicas ámbito saúde mental. Prácticas Clínicas ámbito sociosanitario. |
| Contidos dos seminarios no ámbito da saúde mental: 1.- Seminario-taller introductorio: A práctica narrativa nos contextos de saúde-enfermidade. 2.- Seminarios-talleres: traballo con textos literarios. 3.- Seminario-taller de traballo autobiográfico vivencial. | Por que nos importan as historias? A función narrativa. Empatía e narrativa: As historias como acceso á comprensión do outro. Enfermidade e saúde, o seu impacto na biografía. Introdución á práctica narrativa en ciencias da saúde. A procura sentido: escoitar e interpretar as historias dos pacientes. |

| Planificación | | | | |
|------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|-------------------------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Seminario | A62 B1 B3 B8 B10 B11 B12 B13 B14 B19 B22 C1 C4 C7 C10 C11 | 16 | 30 | 46 |
| Actividades iniciais | A62 B1 B10 B11 | 2 | 0 | 2 |
| Prácticas clínicas | A62 B24 B22 B20 B19 B16 B15 B14 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B3 B1 C1 C3 C7 C10 C12 | 360 | 38 | 398 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |



| | |
|----------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Seminario | Realizaranse varios seminarios obrigatorios no ámbito da saúde mental. Seminarios sobre a práctica narrativa en contextos de saúde e enfermidade a través de textos literarios. Neles traballarase a capacidade de escoitar e apreciar o relato do paciente como unha destreza transversal cuxo desenvolvo permítalle explorar a historia do paciente a través do diálogo, activando a atención, a curiosidade. |
| Actividades iniciais | Actividades que se levan a cabo antes de iniciar as prácticas clínicas nos diferentes ámbitos. Sesión na aula, se explica e aclaran todos os aspectos necesarios para o desenvolvemento adecuado da práctica clínica nos tres ámbitos da Estancia Clínica. Especificaránse datas de comenzo da practica clínica e diferentes rotacións, fechas dos seminarios e fichas de avaliación, normativa das Practicas Clínicas, accidentes biolóxicos... |
| Prácticas clínicas | O ensino clínico pode entenderse como un proceso instrucional que ten lugar nun ambiente natural relacionado co exercicio dunha profesión, no que o alumnado observa e participa en actividades clínicas deseñadas para proporcionarlles oportunidades que supoñen a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica da mesma |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Prácticas clínicas | A atención personalizada relacionada coas Prácticas Clínicas ten como finalidade atender as consultas do alumnado relacionadas co seguimento e avaliación dos coñecementos, actitudes, valores e habilidades que o alumnado debe alcanzar. Así mesmo servirá para axudar aos alumnos nas dificultades persoais que puidesen presentar e que lles dificultasen acadar as competencias propostas. Realízase de forma individualizada e a demanda do alumnado segundo as necesidades que presente. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
|--------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| Prácticas clínicas | A62 B24 B22 B20 B19 B16 B15 B14 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B3 B1 C1 C3 C7 C10 C12 | A súa realización é obrigatoria en tempo, horario e centro establecido desde a escola. Como resultado do rotatorio práctico, xerárase un informe final, o cal será elaborado polo profesor que tutorice ao alumno/a no centro sanitario. Este informe será finalmente valorado polo profesor responsable da materia. Na elaboración do informe final teranse en consideración os coñecementos, as actitudes profesionais, as habilidades e destrezas técnicas e as aptitudes do/a alumno/a. O Alumnado coñecerá a ficha de avaliación, antes do inicio das Prácticas clínicas. | 90 |
| Seminario | A62 B1 B3 B8 B10 B11 B12 B13 B14 B19 B22 C1 C4 C7 C10 C11 | Criterios de avaliación no ámbito de saúde mental: 1. Asistencia obrigatoria (Seminarios). 2. Lectura de textos literarios, asistencia, participación e entrega dos comentarios e/ou reflexións solicitadas. Supón o 10% (1 puntos) da nota final. Será necesario alcanzar unha puntuación de 5 puntos (sobre 10) para sumar as cualificacións do resto de actividades. | 10 |



Observacións avaliación

PRÁCTICAS CLÍNICAS:

Para poder realizar as prácticas clínicas correspondentes é necesario estar matriculado oficialmente na materia Estancias Clínicas III e ter superadas as Estancias Clínicas I e II, tal e como consta na memoria do Título de Grao.

O alumnado para superar a práctica clínica deberá realizar o 100% das prácticas, faltas de asistencia recuperadas e xustificadas e avaliación positiva dos profesionais cunha nota igual o superior a 5 (sobre 10).

Existe a obrigatoriedade de asistir ás prácticas clínicas e non existen faltas xustificadas, polo que as ausencias debidamente acreditadas deberán recuperarse, sempre que non excedan do 50% das planificadas. As non xustificadas poden supor, a criterio dos profesores responsables da materia, o suspenso da materia. A recuperación das faltas nas prácticas realizarase no período establecido polo profesor, antes da data de peche de actas.

Para superar a materia e necesario ter superado de maneira independente as prácticas clínicas do ámbito hospitalario, as sociosanitarias e as de saúde mental.

A cualificación final da materia será a media ponderada das Estancias Clínicas realizadas no ámbito hospitalario, sociosanitario e de saúde mental

A non superación dunha das partes suporá a cualificación de SUSPENSO na acta. A cualificación numérica obterase establecendo o mínimo establecido (Prácticas Clínicas 90%, seminario 10%) en cada unha das partes.

O sistema de cualificacións exprésarase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Sistema de cualificacións:

0-4.9=Suspenso

5-6.9=Aprobado

7-8.9=Notable

9-10=Sobresaliente

9-10 Matrícula de Honra (Graciable. As condicións para a obtención dunha matrícula de honra son que se obteña máis dun 90% da cualificación da materia, sexa a mellor cualificación da clase na 1ª oportunidade e a consideración dos docentes asignados a materia)

O feito de presentarse/realizar as prácticas clínicas e ser avaliado en calquera das probas implica figurar en acta como presentado coa cualificación correspondente.

Os aspectos e criterios xerais que se terán en consideración ao avaliar as actividades que se farán contorna á devandita metodoloxía (Prácticas Clínicas, seminarios) son a asistencia, participación e compromiso individual e grupal, coherencia dos contidos abordados, coñecementos demostrados na actividade práctico-clínica e nos seminarios, e as competencias adquiridas para esta materia.

As probas superadas en cada ámbito (hospitalario, sociosanitario e saúde mental), na convocatoria de maio-xuño conservaranse para a convocatoria de xullo, coa cualificación obtida.

No caso de ter SUSPENSAS as prácticas clínicas NON SON RECUPERABLES, está suxeito ao momento 5 do artículo 18 das NORMAS DE AVALIACIÓN, REVISIÓN E RECLAMACIÓN DÁS CUALIFICACIÓN DÚAS ESTUDOS DE GRAO E MESTRADO UNIVERSITARIO. Modificada polo Consello de Goberno de 29 de xuño de 2017 que sinala:

"Nas materias que pola súa natureza avalíense exclusivamente mediante actividades non recuperables, como pode ser o caso das prácticas en empresas, o prácticum ou as prácticas clínicas, os estudantes só poderán empregar a segunda oportunidade para recuperar outras actividades como a memoria ou os informes finais».

As probas superadas en calquera das áreas (hospitalaria, sociosanitaria e saúde mental) na convocatoria de maio-xuño conservaranse coa cualificación obtida e gardaranse só durante o curso académico seguinte.

FRAUDE: A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederá a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Bibliografía básica | A bibliografía básica para esta materia está relacionada coas materias que se recomendan ter cursadas e as que se debe cursar simultaneamente (ver apartado 9: recomendacións). |
| Bibliografía complementaria | Bibliografía que os docentes recomenden ou indiquen a través do moodle |



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Enfermaría Clínica (I y II)/750G01012
Enfermaría da Saúde Mental/750G01015
Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/750G01016
Estancias Clínicas I/750G01025
Estancias Clínicas II/750G01026

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermaría clínica III/750G01017
Enfermaría Xerontolóxica/750G01020

Materias que continúan o temario

Estancias Clínicas IV/750G01028
Estancias Clínicas V/750G01029
Estancias Clínicas VI/750G01030
Estancias Clínicas VII/750G01031
Practicum/750G01032

Observacións

Para poder realizar as prácticas clínicas correspondentes é necesario estar matriculado na materia Estancias Clínicas III e ter superadas as Estancias Clínicas I e II, tal como consta na memoria do Título de Grao. Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social do "Plan de Acción Green Campus Ferrol", esta materia ten en conta as recomendacións de SUSTENTABILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XENERO:- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.- Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a PERSPECTIVA DE XÉNERO, velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado.- Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas dentro da aula ou no contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.- Prestarase especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Nesta materia, o profesorado, ten contraído o compromiso de aplicación da normativa da UDC ante situacións de plaxio.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías